

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA COORDINADORA DE TRABALLADORES/AS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA (CTNL)

LUGAR: Restaurante Espazo Cultural A Nave de Vidán

DATA: sábado, 9 de marzo de 2019

HORA DE COMEZO: 11.00 h

HORA DE REMATE: 14.30 h

NÚM. DE ASISTENTES: 16 persoas

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
7. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior

A secretaria, Silvia Muíño, somete a votación a aprobación da acta (<https://i.gal/kaQyL>) da asemblea do ano 2018 (**Anexo 1**) e esta apróbese por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas

David Cobas explica que durante o período interassemblear 2018-2019 se registrou a solicitude de alta de 4 persoas. Neste mesmo período rexistráronse 6 baixas.

O número de socios/as da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), en febreiro de 2019, é de 176 persoas.

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva ([Anexo 2](#)).

3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta, comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión (<https://i.gal/n4wBD>) correspondente ao período interassemblear 2018-2019 ([Anexo 3](#)).

Indica que a actividade da CTNL neste período se rexeu polas liñas de acción aprobadas por unanimidade na Asemblea Xeral Ordinaria da coordinadora de 2018, que tivo lugar o 3 de marzo en Santiago de Compostela.

O plan de acción aprobado era ambicioso e, aínda que non se cumpriu na súa totalidade, desde a Xunta Directiva faise unha valoración aceptable do nivel de cumprimento e dos obxectivos acadados.

En definitiva, desenvolveuse unha acción satisfactoria para, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Ábrese unha quenda de intervencións para comentar canto fose preciso da memoria presentada.

Vótase o informe de xestión e apróbase por unanimidade.

4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

David Cobas expón o informe económico do período comprendido entre 1 de marzo de de 2018 e o 12 de febreiro de 2019 ([Anexo 4](#)) e ábrese unha quenda de intervencións.

Desde a tesouraría coméntanse os principais aspectos do informe económico e indícase tamén que a diferenza de -2288,49 euros entre gastos e ingresos neste exercicio débese a que, tal como se acordara en asembleas anteriores, se investiu en normalización

lingüística unha parte do superávit que ten a coordinadora.

A seguir vótase a aprobación do informe de contas de 2018 (desde o 01/03/2018 ao 12/02/2019) e apróbase por unanimidade.

5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta o plan de acción (<https://i.gal/c8rDQ>) para o período interasemleable 2019-2020 (**Anexo 5**). A seguir ábrese un debate, no que se matizan, comentan ou aclaran algunhas das accións propostas.

No apartado relativo á “organización de accións formativas para o traballo en normalización lingüística” e con respecto á proposta de continuar coa colaboración co SNL da Universidade da Coruña para o Curso de verán sobre dinamización lingüística acórdase que a CTNL non colabore nesta edición se a acción formativa non recupera o enfoque de dinamización lingüística.

Con respecto aos “encontros, xornadas e outras propostas de coordinación” acordouse buscar un lugar alternativo para o LGx15 para poder organizalo un sábado, e mencionáronse algunhas posibilidades como a Sala Malatesta e o Auditorio de Teo.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbase por unanimidade o plan de acción para o período interasemleable 2019 -2020 coas modificacións propostas.

6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta as previsións orzamentarias para o 2019 (**Anexo 6**), unhas previsións que continúan na mesma liña que a de anos anteriores, e nas que se prevé seguir investindo en actividades de normalización lingüística parte do superávit que ten a coordinadora.

Vótanse as previsións orzamentarias para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade de toda a asemblea.

8. Rolda aberta de intervencións

Non houbo intervencións.



CTNL
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata esta asemblea ordinaria e eu levanto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

Silvia Muíño Naveira

Anxos Sobriño Pérez

LISTAXE DE ANEXOS

Anexo 1: Acta da asemblea ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2018

Anexo 2: Informe de altas e baixas de socios/as na Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) durante o período interasamblear 2018-2019

Anexo 3: Informe-memoria de xestión da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) do período interasamblea 2018-2019

Anexo 4: Informe económico da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2018 (desde o 21/01/2017 ao 28/02/2018)

Anexo 5: Propostas de acción da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) para o período interasamblear 2018-2019

Anexo 6: Previsións orzamentarias da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) para 2019